

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 7 de xuño de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as solicitudes de axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos de investigación, convocadas por Resolución do 18 de xaneiro de 2011 (Diario Oficial de Galicia do 24 de xaneiro) e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Pola Resolución do 18 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, establecéronse as bases reguladoras e convocáronse as axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos de investigación para o ano 2011.

Segundo o artigo 13.3 da citada convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 59.6 b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a notificación individual das resolucións das axudas poderá ser substituída pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Unha vez rematada a fase de instrución das solicitudes recibidas na Secretaría Xeral da Igualdade, avaliadas as solicitudes pola comisión de valoración prevista no artigo 12 da convocatoria, vista a proposta de resolución formulada polo órgano instructor e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder as subvencións económicas para o financiamento das actuacións que se indican no anexo I a favor das universidades públicas do sistema universitario galego e dos organismos públicos de investigación, constituídos por entes de dereito público da comunidade autónoma, como consecuencia da aplicación dos criterios establecidos no artigo 11 da resolución de convocatoria, por un importe total de 460.000 € distribuídos nas aplicacións orzamentarias 04.40.313B.440.0 (85.000 €) e 04.40.313B.444.0 (375.000 €).

Estas subvencións están cofinanciadas ao 80% con fondos FSE no Programa operativo de Galicia 2007-2013, eixes/temas prioritarios 2.69 e 3.72.

No anexo II relaciónanse as solicitudes que non obteñen subvención económica por terse esgotado o crédito dispoñible e acadar unha puntuación inferior ás que resultaron subvencionadas; son consideradas como suplentes para seren atendidas unicamente no caso de se producir algunha renuncia conforme o establecido no artigo 12.4 da resolución de convocatoria.

Segundo. Excluir e declarar desistidas as solicitudes que se relacionan no anexo III, con indicación da causa específica, por non cumprir o requisito de emenda e/ou achega dos documentos preceptivos no prazo establecido segundo o disposto no artigo 9 da resolución de convocatoria ou por desistir expresamente da súa solicitude de subvención.

Terceiro. Informar as entidades beneficiarias de que a obtención de axuda comunitaria implica a aparición na lista pública de persoas beneficiarias, na cal figuran os datos de identidade ou denominación social, das operacións e da contía de fondos públicos asignada a cada operación, que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2 d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Cuarto. A percepción desta axuda é compatible con calquera outra, pero, en ningún caso, o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do programa obxecto de axuda.

Quinto. A data límite de presentación da xustificación dos gastos efectuados será o 31 de outubro de 2011 e realizarase de acordo co establecido no artigo 19 da Resolución do 18 de xaneiro de 2011.

Os gastos que se subvencionarán deberán respectar o disposto na Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013 e na Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, que a modifica.

Sexto. As entidades beneficiarias deberán dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, no lugar onde funcione o centro, oficina, unidade ou cátedra subven-

cionada, ou onde se realice o programa subvencionado por esta resolución deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo que indique o cofinanciamento da actuación con fondos europeos FSE, así como pola Xunta de Galicia de acordo co disposto na regulamentación comunitaria nesta materia. Para isto empregarán a lenda «proxecto cofinanciado», acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia, e o emblema normalizado da Unión Europea coa lenda «Unión Europea. Fondo Social Europeo». Precedendo os emblemas empregárase a lenda «O FSE inviste no teu futuro». O modelo de cartel coas características técnicas estará na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade na epígrafe de subvencións.

Esta mesma publicidade constará en toda a documentación, publicacións, actuación de difusión ou convocatoria relativas ou resultantes dos programas subvencionados nesta convocatoria (incluída a web da entidade beneficiaria).

Sétimo. A inobservancia por parte das beneficiarias de calquera das obrigas establecidas na normativa aplicable a estas subvencións, incluída a publicidade das accións subvencionadas, suporá a perda do dereito a percibir a subvención correspondente.

Oitavo. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao desta publicación, de acordo co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2011.

Marta González Vázquez
Secretaria xeral da Igualdade

ANEXO I

Axudas aos organismos públicos de investigación.

N.º expediente	Entidade solicitante	CIF	Responsable do programa	Descrición da actuación	Puntos	Contía subvención
SI427C 2011/02-0	Instituto de Estudos Padre Sarmiento	Q2818002D	Antonio Manuel Pazos Rodríguez	Proxecto de investigación: Mulleres escritoras na Galicia do Século XIX	9,00	40.412,31
SI427C 2011/03-0	Instituto de Estudos Padre Sarmiento	Q2818002D	Eduardo Pardo de Guevara y Valdés	Mulleres con poder ao final da Idade Media: O testamento, a morte e a memoria	9,00	18.444,00
SI427C 2011/52-0	Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	G15926488	M.ª Jesús Sobrido Gómez	Xaqueca: Investigación educación, e prevención da cronificación	6,25	2.490,00
SI427C 2011/56-0	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	Q1569009B	Salvador Pita Fernández	O xénero como determinante do risco cardiovascular, a comorbilidade, a calidade de vida e a dependencia en persoas de 40 e máis anos de idade no municipio de Cambre	5,75	23.653,69

Axudas ás universidades públicas.

a) Para a creación e mantemento de unidades, oficinas, centros ou cátedras de xénero.

N.º expediente	Entidade solicitante	CIF	Responsable do programa	Descrición da actuación	Puntos	Contía subvención
SI 427C 2011/25	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Rita María Radl Philipp	Axuda ao mantemento do centro interdisciplinario de investigacións feministas e de estudos do xénero -CIFEX-	7,50	43.110,00
SI 427C 2011/17	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Carlos Hernández Sande	Mantemento da actividade da oficina. Programa Woman Emprende (Asesoramento SPIN-OFF)	6,25	38.250,00
SI 427C 2011/11	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Pilar Cagiao Vila	Unidade de xénero e cooperación do centro interdisciplinario de estudos americanistas Gumersindo Busto	4,75	9.843,93

b) Para a realización de cursos de posgrao, conferencias, xornadas e actividades sobre cuestións de xénero e/ou que integren unha perspectiva de xénero.

N.º expediente	Entidade solicitante	CIF	Responsable do programa	Descrición da actuación	Puntos	Contía subvención
SI427C 2011/12	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	M.ª Trinidad de Miguel Bouzas	Actividades relacionadas coa implantación das accións do Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres da USC (2009-2011)	9,50	51.692,76
SI427C 2011/41	Universidade de Vigo	Q8650002B	Ana Isabel González Penín	I Proxecto de visibilización das obras artísticas das alumnas da facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo	8,00	14.509,60
SI427C 2011/07	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Luis Álvarez Pousa	II Xornadas sobre información e xénero: Ámbitos de especialización	7,50	5.177,52
SI427C 2011/26	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Marta Requejo Isidro	Xornadas: Actualidade xurídica ao redor das parellas de feito	7,25	2.278,00
SI427C 2011/53	Universidade da Coruña	Q6550005J	Domingo Bello Janeiro	Xornadas internacionais sobre réxime xurídico da igualdade	7,25	19.720,00
SI427C 2011/41	Universidade de Vigo	Q8650002B	Ana Isabel González Penín	Curso de formación para PDI: Como deseñar contornos virtuais non sexistas para a aprendizaxe universitaria?	6,75	2.348,80
SI427C 2011/14	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Consuelo Ferreiro Regueiro	Xornadas sobre violencia de xénero e dereito do traballo	6,25	6.720,00
SI427C 2011/36	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Montserrat Villarino Pérez	Xornadas Migracións e xénero. Unha perspectiva transnacional	6,25	5.376,00

N.º expediente	Entidade solicitante	CIF	Responsable do programa	Descrición da actuación	Puntos	Contía subvención
SI427C 2011/23	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	María Jose Méndez Lois	Curso novas fronteiras na igualdade de oportunidades: educar para a igualdade de trato	6,00	6.240,00
SI427C 2011/35	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Manuel Villanueva Acuña	I Encontro interdisciplinar de historia de xénero, as mulleres na historia de Galicia (organización e realización do congreso)	6,00	2.106,74
SI427C 2011/62	Universidade da Coruña	Q6550005J	Jose Ángel Brandariz García	Congreso internacional: A prostitución desde unha perspectiva de xénero no tempo da emerxencia da industria do sexo	6,00	3.055,00
SI427C 2011/63	Universidade da Coruña	Q6550005J	Jose Ángel Brandariz García	Congreso internacional: Aproximación ao concepto de xénero críticas desde a teoría descolonial	6,00	1.976,00
SI427C 2011/64	Universidade da Coruña	Q6550005J	Manuel-Reyes García Hurtado	O século XVIII en feminino. As mulleres no Século das Luces	5,87	2.986,28
SI427C 2011/21	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	M.ª del Mar Lorenzo Moledo	Curso de verán: a muller e os fluxos migratorios en Galicia: educación e desenvolvemento social	5,75	1.760,00
SI427C 2011/37	Universidade de Vigo	Q8650002B	Marta Fernández Prieto	Xornada técnica sobre a estratexia Europa 2020 e políticas de conciliación, medidas de organización do traballo e conciliación, responsabilidade laboral corporativa e conciliación, conciliación, coresponsabilidade e repartición equitativa de tarefas no fogar	5,75	2.640,00
SI427C 2011/61	Universidade da Coruña	Q6550005J	Manoel Baña castro	Curso de verán de política social europea e inclusión. 3ª edición. Os valores en tempos de crise	5,75	7.480,00
SI427C 2011/17	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Carlos Hernández Sande	Programa Woman Emprende (Exposición itinerante, formación emprendedoras)	5,50	4.728,17
SI427C 2011/65	Universidade da Coruña	Q6550005J	María Isabel Novo Corti	Ciclo de conferencias sobre visibilización da exclusión múltiple das mulleres reclusas. Lexislación penal desde unha perspectiva de xénero. Autoemprego como medio de inclusión sociolaboral.	5,50	1.103,16

c) Para a realización e difusión de estudos e investigacións sobres cuestións de xénero e/ou que integren unha perspectiva de xénero.

N.º expediente	Entidade solicitante	CIF	Responsable do programa	Descrición do estudo/investigación	Puntos	Contía subvención
SI427C 2011/05	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Eva Aguayo Lorenzo	Índices de segregación laboral por xénero en Galicia	9,00	3.250,00
SI427C 2011/06	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	M.ª Dolores Álvarez Pérez	Responsabilidade social corporativa: axuste entre traballo-familia	9,50	17.280,00
SI427C 2011/16	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Jorge García Marín	As identidades de xénero nos videoxogos: estudo de casos desde a perspectiva do simbólico colectivo dos estudantes universitarios	9,00	3.875,00
SI427C 2011/18	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Marta Irene Lois González	Estudo de investigación: a promoción da igualdade no ámbito local: un estudo interdisciplinar dos plans de igualdade nos concellos galegos	8,50	9.421,38
SI427C 2011/22	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Lourdes Mella Méndez	Políticas autonómicas e negociación colectiva en relación coa violencia de xénero: especial atención ao caso galego	9,00	5.000,00
SI427C 2011/24	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Ana M.ª Porto Castro	A transmisión de actitudes igualitarias na formación profesional: Análise das motivacións e das expectativas académicas e laborais das/os alumnas/os	8,50	2.722,38
SI427C 2011/27	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	José María Rioboo Almanzor	Xénero e discapacidade: cuantificación dunha dobre discriminación	9,00	3.600,00
SI427C 2011/29	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	M.ª Xosé Rodríguez Galdó	Feminización da universidade, carreira docente e uso do tempo. Dos patróns tradicionais á coresponsabilidade?	9,00	25.000,00
SI427C 2011/33	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Fernando Vázquez-Portomeñe Seijas	Estudo médico-legal e xurídico penal dos casos de violencia de xénero en Galicia	9,00	12.134,50

N.º expediente	Entidade solicitante	CIF	Responsable do programa	Descrición do estudo/investigación	Puntos	Contía subvención
SI427C 2011/38	Universidade de Vigo	Q8650002B	Alberto Vaquero García	O papel da muller no campo científico, tecnolóxico e de transferencia do coñecemento en Galicia	8,50	3.406,89
SI427C 2011/39	Universidade de Vigo	Q8650002B	M.ª del Carmen Pereira Domínguez	Elección de estudos de enxeñaría: establecemento dun sistema de indicadores con perspectiva de xénero en ciencia e tecnoloxía, psicoloxía e educación	9,00	12.745,00
SI427C 2011/40	Universidade de Vigo	Q8650002B	Beatriz Suárez Briones	Interdiccións: Identidades non normativas entre as adolescentes na realidade galega	9,00	12.500,00
SI427C 2011/41	Universidade de Vigo	Q8650002B	Ana Isabel González Penín	Elaboración, edición e difusión dun manual de linguaxe non sexista en lingua galega	9,00	4.500,00
SI427C 2011/46	Universidade de Vigo	Q8650002B	María Lameiras Fernández	A violencia nas relacións de parellas dos/as adolescentes galegos/as	9,00	9.500,00
SI427C 2011/47	Universidade da Coruña	Q6550005J	Ana Sánchez Bello	Actitudes e valoracións das alumnas cara ás TIC. Análise da baixa taxa de matrícula de mulleres nos estudos superiores de informática	8,50	7.762,89
SI427C 2011/59	Universidade da Coruña	Q6550005J	Raquel Martínez Buján	As implicacións da política social e do modelo migratorio na organización familiar do traballo de coidados	9,00	9.200,00

ANEXO II

N.º expediente	Tipo de programa	Entidade solicitante	CIF	Responsable do programa	Puntos
SI427C 2011/01	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Vigo	Q8650002B	Águeda Gómez Suárez	8,25
SI427C 2011/04	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Marcelino Agis Villaverde	6,50
SI427C 2011/08	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Aurora Artiaga Rego	6,00
SI427C 2011/10	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Pastora M.ª Bello Bugallo	5,75
SI427C 2011/13	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	José Julio Fernández Rodríguez	6,25
SI427C 2011/15	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Javier Gárate Castro	6,50
SI427C 2011/19	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	M.ª Ángeles López Cabarcos	6,50
SI427C 2011/20	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Xosé López García	7,00
SI427C 2011/28	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Sonia Esperanza Rodríguez Boente	6,50
SI427C 2011/31	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Miguel Anxo Santos Rego	7,00
SI427C 2011/32	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	M.ª Jesús Souto Blanco	7,25
SI427C 2011/34	Cursos, conferencias, xornadas e actividades	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Paula Vázquez Rodríguez	4,75
SI427C 2011/35	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Manuel Villanueva Acuña	6,00
SI427C 2011/37	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Vigo	Q8650002B	Marta Fernández Prieto	8,00
SI427C 2011/42	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Vigo	Q8650002B	Ángel Rodríguez Gallardo	7,75
SI427C 2011/43	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Vigo	Q8650002B	Francisca Fariña Rivera	7,50
SI427C 2011/44	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Vigo	Q8650002B	Gema Álvarez Llorente	8,00
SI427C 2011/45	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Vigo	Q8650002B	Yolanda Pena Boquete	7,00
SI427C 2011/48	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade da Coruña	Q6550005J	M.ª Milagro Ezquerro García-Noblejas	6,00
SI427C 2011/49	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade da Coruña	Q6550005J	Mercedes González Sanmamed	7,00
SI427C 2011/50	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade da Coruña	Q6550005J	M.ª del Carmen Garcimartín Montero	7,00

N.º expediente	Tipo de programa	Entidade solicitante	CIF	Responsable do programa	Puntos
SI427C 2011/51	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade da Coruña	Q6550005J	Patricia Faraldo Cabana	7,00
SI427C 2011/53	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade da Coruña	Q6550005J	Domingo Bello Janeiro	7,00
SI427C 2011/58	Cursos, conferencias, xornadas e actividades	Universidade da Coruña	Q6550005J	Antía Pérez Caramés	5,25
SI427C 2011/65	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade da Coruña	Q6550005J	María Isabel Novo Corti	7,25

ANEXO III

N.º expediente	Tipo de programa	Entidade solicitante	CIF	Responsable do programa	Motivo da exclusión
SI427C 2011/09	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	María Bastida Domínguez	Desistiron da súa solicitude
SI427C 2011/30	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Israel Sanmartín Barros	Achegaron a contestación ao requirimento de emenda fóra de prazo
SI427C 2011/54	Cursos, conferencias, xornadas e actividades	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Raquel Castillejo Manzanares	Achegaron a contestación ao requirimento de emenda fóra de prazo
SI427C 2011/55	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Raquel Castillejo Manzanares	Non contestaron ao requirimento de emenda
SI427C 2011/57	Realización, difusión de estudos e investigacións	Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	Q1500279C	Victoria Millor Rego	Non contestaron ao requirimento de emenda
SI427C 2011/60	Realización, difusión de estudos e investigacións	Universidade da Coruña	Q6550005J	M.ª Teresa Piñeiro Otero	Non contestaron ao requirimento de emenda